

Descrición dalgunhas actividades

Xogoteca: Aprender e xogar. Actividade lúdica que dará a coñecer aos participantes xogos de sempre. Desenvolvemento da imaxinación e aprendizaxe de regras básicas e sinxelas.

Scrapbooking: Scrapbooking é a técnica que se emprega para personalizar mediante fotografías todo tipo de obxectos: libros, marcapaxinas, libretas, marcos fotográficos, etc...

Mini Chef: Actividade orientada a fomentar a destreza e potenciar a creatividade a través do entorno da cociña e os alimentos: Alimentación sana, planificación de receitas, traballo en equipo, manexo de utensilios, traballo persoal, etc..

Robótica educativa: Aprendizaxe e introdución á programación e a robótica co obxectivo de achegar a tecnoloxía aos participantes. Creatividade, curiosidade, resolución de problemas e clases dinámicas.

Zumba Kids: Actividade física que combina a música con movementos rítmicos favorecendo o desenvolvemento das capacidades coordinativas e rítmicas do neno/a. Nesta actividade aprenderán diferentes tipos de bailes, movementos, exercicios, etc..

O mundo dos contos: A través da lecto-escritura sacaremoslle todo o zume ás historias mediante diferentes dinámicas de traballo colectivo.



Concello de
Sada

SADA EDUCA



OFERTA DE ACTIVIDADES
EXTRAESCOLARES

CURSO 2018-2019

Oficina Municipal de Información Xuvenil
Tlfno: 981.620331
omixsada@gmail.com



ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES	TEMPORALIDADE	LUGAR DE REALIZACIÓN	ALUMNADO DESTINATARIO
ESTIMULACIÓN TEMPERÁ	VENRES DE 10:30 A 12:30	OMIX	0-18 MESES
ESTIMULACIÓN TEMPERÁ	MARTES DE 10:30 A 12:30	OMIX	19-36 MESES
XOGOTECA	LUNS / MÉRCORES 17:00 A 18:00	OMIX	EDUCACIÓN INFANTIL
O MUNDO DOS CONTOS	MARTES / XOVES 16:00 A 17:00	OMIX	EDUCACIÓN INFANTIL
INGLÉS WEEKEND	SABADO 12:00 A 14:00	ESCOLA INFANTIL FLORA RAMOS	EDUCACIÓN INFANTIL.
BAILE MODERNO	MARTES / XOVES DE 16:00 A 17:00	PAVILLÓN IES ISAAC DÍAZ PARDO	EDUCACIÓN INFANTIL
BAILE MODERNO	MARTES / XOVES DE 17:00 A 18:00	PAVILLÓN IES ISAAC DÍAZ PARDO	EDUCACIÓN PRIMARIA
SCRAPBOOKING	LUNS / MÉRCORES DE 16:00 A 17:00	OMIX	4º, 5º, 6º EDUCACIÓN PRIMARIA.
MINI CHEF	SÁBADOS DE 10:00 A 12:00	ESCOLA INFANTIL FLORA RAMOS	4º, 5º, 6º EDUCACIÓN PRIMARIA.
MINI CHEF	SÁBADOS DE 12:00 A 14:00	ESCOLA INFANTIL FLORA RAMOS	1º, 2º, 3º EDUCACIÓN PRIMARIA.
ZUMBA KIDS	MÉRCORES / VENRES DE 16:00 A 17:00	PAVILLÓN IES ISAAC DÍAZ PARDO	EDUCACIÓN PRIMARIA.
ROBÓTICA EDUCATIVA	MARTES DE 17:00 A 19:00	AULA CEMIT (EDIFICIO OMIX)	5º, 6º E.P. / ESO
INGLÉS MEDIO	MARTES 18:30 A 20:30	IES ISAAC DIAZ PARDO	ESO / BACHARELATO

INFORMACION XERAL

- Inicio das actividades: **1 de outubro** de 2018 / Finalización: **22 de xuño** de 2019.
- CUOTA: **30 €**/Trimestre. (1º trimestre ingreso bancario na conta: ABANCA [ES4020805161853110007604](#)). Entregar resgardo de pago na OMIX. (2º e 3º trimestre a través de domiciliación bancaria efectuada polos servizos económicos municipais).
- CUOTA ACTIVIDADE ESTIMULACIÓN: **15 €**/Trimestre.
- Descontos aplicables: Consultar as bases de participación.
- Deberá existir un mínimo de **8 solicitudes** en cada actividade para que se poidan levar a cabo.
- Interrupción do programa Sada Educa nos periodos vacacionais establecidos no calendario escolar e centros de ensino (Nadal, Semana Santa, Entroido, etc)

PRAZOS:

- Pre-inscrición: **3 ao 14** setembro (ambos inclusive) na OMIX de 09:00 a 14:00 h ou a través do formulario on-line na web www.concellodesada.com.
- **Sorteo:** Sempre e cando a demanda de prazas sexa superior á oferta. De ser o caso, será o **19 de setembro** ás **12:00 h**.
- Listaxe **provisional** de admitidos/as e de agarda, así como das actividades que se van a realizar: **20 de setembro**.
- Formalización de matrícula realizando o ingreso do primeiro trimestre: **20 ao 26 de setembro** (ambos inclusive).

ANTES DE REALIZAR A INSCRIPCIÓN CONSULTE AS BASES DE PARTICIPACIÓN QUE ESTARÁN DISPOÑIBLES NA WEB MUNICIPAL OU NA OMIX